



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



## ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA EN SANTIAGO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2018.

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as Dez horas do día Vinte e catro de Novembro do ano dous mil dezaoto, baixo a presidencia de D. Carlos Padín Cores, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese en segunda convocatoria a Asemblea Xeral Ordinaria, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

### **PRESIDENTE:**

D. Carlos Padín Cores

### **SECRETARIO:**

D. Manuel Rey San Luis

### **TESOUREIRO:**

D. José R. Costas Carbajal

### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. MANUEL A. FERNÁNDEZ MALLO (C.C. Herculino) Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Enrique Leal González

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. ANTONIO CAMILO PEREIRO FRANCÉS (C.C.Pombas do Val Miñor) Delegou a súa asistencia nesta persoa D. Enrique García Rodríguez

D. ENRIQUE FREIRE SOBRAL (C.C. Ria de Pontevedra)

D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ (C.C. Porriño)

D. FERNANDO DE LA FUENTE EVANGELISTA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Nigran)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. JOSÉ C. LOPEZ BOUZA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C. Aires de Lemos)

### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. ROGELIO NOGUEIRA PORTAS

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA

D. FRANCISCO M. QUINTIA CAGIAO

D. MARCO A. VALLADARES OTGERO

D. ANTONIO LAGO VILA



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



**ESTAMENTO DE XUICES:**

D. PEDRO BECERRA GONZÁLEZ

Escusan a súa asistencia:

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- *Coñecemento do balance económico ao 31/10/2018*
- 2.- *Orzamento económico para o ano 2019*
- 3.- *Calendario e Regulamento deportivo 2019*
- 4.- *"LII" exposición da pomba mensaxeira da F.C.G. (Organizada polo club Muralla de Lugo) -Ratificación da data da mesma para os días 15 e 16 de Nadal.*
- 5.- *"LIII" exposición da pomba mensaxeira de F.C.G. (Propostas dos clubs)*
- 6.- *Programa informático para a campaña deportiva 2019.*
- 7.- *Adquisición dun ordenador novo para a secretaría da Federación.*
- 8.- *Rogos e Preguntas*

Antes de iniciar a sesión segundo o Orde do Día, toma a palabra o Sr. Presidente para agradecerlle aos membros asistentes desta Asemblea a súa asistencia a esta reunión, facendo unha breve intervención dos proxectos que ten para esta Federación, por último solicítalle a todos os asistentes un bo comportamento durante as reunións.

**1º.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31-10-18.**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 31 de Outubro de 2018, sendo aprobado polos membros asistentes, a excepción de D. Alfonso Miguel Pozaco González que se abstén a dita aprobación.

O Sr. Camilo Pereiro quere facer constar en acta que lle parece indebido o cobro aos clubs dos gastos de envío dos aneis de niño dos pedidos extras por parte dos clubs de este material deportivo.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
 Plaza de León, nº 1-1º D  
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 ☎ 605.115.366  
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



## 2.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2019.-

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao orzamento económico para o ano 2019 sendo aprobado polos membros asistentes, a excepción de D. Alfonso Miguel Pozaco González que se abstén a dita aprobación.

Apróbase neste punto o importe de 400.- € mensuais para os desprazamentos do Sr. Secretario.

### FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2019

<b>INGRESOS</b>		
Anillas Nido (17400)	<b>VENTAS MATERIAL DEPORTIVO</b> 13,050.00 €	<b>13,050.00 €</b>
Licencias emitidas por FCG	<b>LICENCIAS FEDERATIVAS</b> 5,230.16 €	<b>5,230.16 €</b>
Xunta de Galicia	<b>SUBVENCIONES</b> 6,363.00 €	<b>6,363.00 €</b>
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas Anillas nido otras federaciones	<b>OTROS INGRESOS DE GESTION</b> 32,108.00 € - €	<b>32,108.00 €</b>
<b>INGRESOS</b>		<b>56,751.16 €</b>
<b>A DEDUCIR</b>		
Anillas Nido (17400)	<b>COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO</b> 3,377.34 €	<b>3,377.34 €</b>
Trofeos	<b>GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b> 1,800.00 €	<b>45,233.00 €</b>
Transporte Palomas	32,108.00 €	
Exposicion Regional	2,000.00 €	
Exposicion Nacional	175.00 €	
Pienso para Sueltas	150.00 €	
Impresión licencias Deportivas	- €	
Mantenimiento inform. Programas Deportivos	- €	
Servicios veterinarios	- €	
Subvenciones Concursos Regionales	9,000.00 €	
Juntas Directivas	<b>GASTOS REPRESENTACION</b> 455.00 €	<b>5,755.00 €</b>
Asambleas	500.00 €	
Comisión Deportiva	- €	
Desplazamientos Secretario (*)	4,800.00 €	
Comunicaciones	<b>SERVICIOS VARIOS</b> 100.00 €	<b>1,673.42 €</b>
Material Oficina	350.00 €	
Portes Varios	75.00 €	
Gastos Varios	367.42 €	
Mantenimiento Progamas	200.00 €	
Alquileres	480.00 €	
Conservación inmovilizado	75.00 €	
Dominio Pagina Web	26.00 €	
Asesores externos.	<b>SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES</b> 532.40 €	<b>532.40 €</b>
Comisiones Bancarias.	<b>GASTOS FINANCIEROS</b> 180.00 €	<b>180.00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS / AMORTIZACIONES</b>		<b>56,751.16 €</b>



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Toma a palabra o Sr. Presidente para facer unha serie de aclaracións en canto ao orzamento económico, no que destaca o seguinte:

- Intentar mellorar na medida do posible a calidade dos trofeos, regularizando os gastos dos mesmos.
- Como para este ano non hai tempo material para estudar a adaptación doutros programas informáticos, tentarase volver a contratar o programa "Coloms" de Vicente Prats. De tódolos xeitos e durante o ano que ven porase en marcha a posibilidade de facer un programa propio da Federación.
- Como medida de aforro en canto ás reunión tanto da Xunta Directiva e Comisión Delegada intentaranse facer na medida do posible a través de videoconferencias.

### **3.- CALENDARIO E REGULAMENTO DEPORTIVO 2019.-**

En canto a este punto toma a palabra o Sr. Presidente para informar a todos os membros asistentes que con motivo do proceso electoral levado a cabo nesta Federación e debido ás datas nas que estamos, habería que traballar sobre o calendario do ano pasado.

Unha vez rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Fernando De La Fuente para presentar e explicar a todos os membros asistentes o plan de voos para a vindeira campaña deportiva 2019.

Rematada a súa exposición, ábrese unha rolda de opinións por parte de todos os asistentes para determinar un consenso coas opinións de todos os membros.

Unha vez rematada a intervención de todos os asistentes e despois de debater varios puntos, levase a cabo unha votación para a aprobación de dito calendario.

O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor: **14**

Votos en contra: **3**

**Queda aprobado para a vindeira campaña deportiva 2019 o plan de voos presentado pola FCG coas modificacións pertinentes acordadas nesta reunión.**

Con motivo da proposta feita por membros desta Asemblea en canto á incorporación do campionato de maratón na fase de Velocidade, levase a cabo unha votación para determinar este punto, quedando como resultado da votación:



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Votos a favor: 3

Votos en contra: 13

Abstencións: 1

**Queda aprobado non incluír o campionato de Maratón na fase de Velocidade.**

Á proposta feita por D. Jaime M. López Rodríguez en canto á posibilidade de que dous socios do seu club que pertencen á provincia de Ourense participen nos campionatos da Federación pola provincia de Lugo, levándose a cabo unha votación para determinar este punto, quedando o resultado da votación da seguinte maneira:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 1

Abstencións: 1

**Queda aprobado que estes dous socios do club Aires de Lemos e que pertencen á provincia de Ourense compitan nos campionatos da Federación coa provincia de Lugo.**

Por último, e para unha maior participación e implicación por parte dos clubs aos temas deportivos, o Sr. Presidente solicita a todos os presidentes da Federación o nomeamento dun membro de cada club para formar parte do Comité Deportivo, tendo este comité un carácter administrativo e non executivo.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
 Plaza de León, nº 1-1º D  
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 ☎ 605.115.366  
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

CALENDARIO DEPORTIVO 2019					
Encestes	Solta	Lugar da solta	Distancias	Cpto. Galego	Cpto. Nacional
02-mar	03-mar	A GUDIÑA	110/160	V-SC	
09-mar	10-mar	PUEBLA DE SANABRIA	130/200	V-SC	
16-mar	17-mar	MOMBUEY	150/225	V-SC	
23-mar	24-mar	BENAVENTE	160/270	MF-M-SC	
30-mar	31-mar	TODESILLAS	230/350	MF-M-SC	S-CE-CI
06-abr	07-abr	VILLACASTIN	380/420	MF-M-SC	S-CE-CI
13-abr	14-abr	PUEBLA / ASTORGA	130/230	MD-SC	
19-abr	20-abr	BENAVENTE II	160/270	MD-SC	
19-abr	21-abr	ALMAZAN	430/550	F-M-SL	
DESCANSO					
03-may	04-may	TORDESILLAS II	230/350	MD-SC	PJ
03-may	05-may	ALCAZAR DE SAN JUAN	560/620	F-M-SL	S-CE-CI
DESCANSO					
16-may	18-may	ALMAZAN II	430/550	MD-SC	PJ
16-may	18-may	ZARAGOZA	560/650	F-M-SL	S-CE-CI
DESCANSO					
DESCANSO					
05-jun	07-jun	VALENCIA	670/800	GF-M-SL	S-CE
DESCANSO					
DESCANSO					
DESCANSO					
02-jul	05-jul	LLORET DE MAR	850/960	GF-M-SL	S-CE
↓ CAMPIONATO DE PICHONS ↓					
10-ago	11-ago	PUEBLA / ASTORGA	130/230	P-SP	
17-ago	18-ago	BENAVENTE III	160/270	P-SP	S-CE
24-ago	25-ago	TORDESILLAS III	230/350	P-SP	S-CE
31-ago	01-sep	TORDESILLAS IV	230/350	P-SP	

O Regulamento Deportivo verase modificado nos puntos en que incumban tanto aos cambios establecidos no calendario deportivo como nos acordos adoptados nesta reunión.

*Modificacións establecidas en canto ao Regulamento Deportivo para o ano 2019:*

"Artigo 5º.- Coincidindo coa presentación dos censos, cada club comunicará á FCG a composición da súa Comisión de Concursos, que estarán compostas por un mínimo de 5 membros. **1 destes compoñentes será nomeado polo club para formar parte da Comisión de Concursos da FCG, a maiores daqueles establecidos pola xunta directiva da FCG."**





FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



"Artigo 11º.- Para poñer en marcha a loxística de transporte nos concursos, cada club deberá comunicarlle á FCG, ca antelación que a Comisión Deportiva ditamine e **mediante as plataformas habilitadas a tal fin** ~~é correo electrónico~~ ~~habilitado a tal fin~~, o número de pombas que pensa encestar en cada unha das soltas de cada fase. No caso de que non o faga, entenderase que non se enviará pomba ningunha.

1. A comisión deportiva comunicará, antes de que inicie a campaña, a dinámica do operativo de encestes e transporte. En canto sexa posible comunicaranse ós clubs os custes aproximados de cada fase.
2. As comunicacións á Federación **realizaranse mediante as vías que determine a FCG en cada caso, avisando coa suficiente antelación** ~~serán ao enderezo electrónico da Federación Galega~~ ~~([fcolumbofilagalega@gmail.com](mailto:fcolumbofilagalega@gmail.com))~~"

"Artigo 15º.- Segundo as características da solta de que se trate, o número de pombas por cesta estándar das que se veñen utilizando, debe de estar entre os seguintes límites:

1. Entre 25 e 30 pombas como máximo nos concursos con solta no día do enceste, de darse o caso.
2. Entre 20 e 25 pombas nos que as pombas pasen 1 noite nas cestas:
3. Entre 15 e 20 pombas cando pasen dúas noites nas cestas,
4. Entre 10 e 15 pombas cando estean mais de 2 noites nas cestas.

A Comisión Deportiva da FCG axustarase o mais posible **ós límites máximos ou mínimos** de pombas por cesta para optimizar os recursos de transporte, sen comprometer a comodidade das pombas."

"Artigo 24º.- Agás nas soltas do concurso de Fondo e Gran Fondo, nas que todo o bando de Galicia será ceibado conxuntamente, no resto do campionato o bando da zona norte (A Coruña) ceibarase nunha primeira quenda, e o bando da zona sur (Ourense e Pontevedra) nunha segunda quenda, cunha diferenza mínima de 30 minutos entre eles. Os clubs da



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:secretariafcgalega@gmail.com)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



provincia de Lugo, **así como os columbófilos da provincia de Ourense,** serán sempre os terceiros en soltar, tamén con unha diferenza mínima de 30 minutos respecto do anterior."

"Artigo 27º.- De cara a clasificación das pombas nas carreiras en función do concurso de que trate, establécense os seguintes prazos para cerrar os días de control:

- Velocidade: 30 minutos despois do solpor do día da solta.
- Medio Fondo: 30 minutos despois do solpor do día da solta.
- Media Distancia: 30 minutos despois do solpor do día da solta en distancias máximas de 450 km., e 30 minutos despois do solpor do seguinte día en soltas superiores a 450 Km.
- Fondo: 30 minutos despois do solpor do día seguinte á solta.
- Gran Fondo. 30 minutos despois do solpor do cuarto día da solta.
- **Pichóns: 30 minutos despois do solpor do día da solta.**

Nos concursos nacionais, será 30 minutos despois do solpor do último día de control do concurso."

"Artigo 29º.- Entrada da documentación de encesta:

3.- Os clubs enviarán por correo electrónico ao enderezo electrónico da Secretaría da FCG ([secretariafcgalega@gmail.com](mailto:secretariafcgalega@gmail.com)) os datos de apertura de reloxos relativos a cada solta realizada, cos programas que a tal efecto entrega a FCG, como máximo, ó **segundo** tereire día de pechase o concurso. Nos casos nos que se realicen dúas soltas no mesmo fin de semana, ó **segundo** tereire día de pechase o concurso de control mais prolongado."

"Artigo 30º.- Os campionatos da FCG xogaranse nas seguintes modalidades:

a) Campionatos á pomba

1. Campionatos provinciais As-pomba.
2. Campionatos galegos As-pomba.

Tanto os campionatos provinciais como os galegos, xogaranse nas seguintes fases:

.Velocidade





FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

- Medio Fondo
- Media Distancia
- Fondo
- Gran Fondo
- **Pichóns**
- Maratón

**A celebración do campionato de pichóns verase supeditada a unha participación mínima na que sexa rendible economicamente, tendo que determinarse esta circunstancia antes do comezo da campaña. O custo desta campaña realizarase totalmente independente do resto das fases do campionato deportivo.**

b) Campionatos ao pombal

1. Campionato Provincial de Seguridade en Cortas Distancias
2. Campionato Provincial de Seguridade en Largas Distancias

**3. Campionato Provincial de Seguridade en Pichóns**

4. Campionato Galego de Seguridade en Cortas Distancias
5. Campionato Galego de Seguridade en Largas Distancias

**6. Campionato Galego de Seguridade en Pichóns**

c) Mellor club de Galicia "

"Artigo 31º.- A efectos de clasificacións terase en conta a seguinte zonificación, segundo a localización do pombal e non a do club onde o columbófilo estea afiliado.

**d) A efectos de clasificacións provinciais, os columbófilos das provincias de Lugo e Ourense competirán conxuntamente nun solo grupo."**

**"Artigo 34º.- Todos os campionatos da F.C.G. (tanto autonómicos como provinciais) precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombais por provincia e fase, tanto en Velocidade, Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo."**

"Artigo 47º.- Para a fase de Maratón serán válidas as soltas de **Velocidade**, Medio Fondo, Fondo e Gran Fondo."

**"Artigo 48º.- Para a fase de Pichóns serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación."**



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

"Artigo 58º.- Mellor Club de Galicia.

- Outorgaráselle 3 puntos aos primeiros clasificados, 2 puntos aos segundos e 1 punto aos terceiros de tódolos campionatos galegos (**non nos provinciais**) tanto dos distintos Campionatos Galegos Ás-pomba como nas series do Campionato Galego de Seguridade de Pombas Designadas, **así coma na Exposición Galega da Pomba Mensaxeira.**

o Os puntos derivados da Exposición repartiranse do seguinte xeito:

Por cada grupo ou categoría no que concorran un mínimo de 3 pombas, a primeira clasificada recibirá 3 puntos, a segunda 2 e a terceira 1 punto consecutivamente.

Finalizado o reparto de puntos por grupo ou categoría, farase un cómputo global por clubs tendo en conta os puntos acadados polo total de pombas presentadas polos mesmos.

Aquel club que acade unha maior puntuación na suma recibirá 3 puntos, o segundo 2 e o terceiro 1 punto consecutivamente. Estes serán os que computen para o Mellor Club de Galicia.

En caso de empate, terase en conta a puntuación acadada polo total de pombas dos clubs na valoración dos xuíces, quedando por diante aquel que obteña da suma unha puntuación máis elevada.

Acadarase puntuación tódolos grupos das Categorías A, B, C e D."

"Artigo 63º.- As clasificacións se remitiran os clubs mediante **as vías que determine a FCG en cada caso, avisando coa suficiente antelación** ~~por correo~~ ~~electrónico~~. Os clubs poderán recoller tamén os resultados das distintas clasificacións na páxina web da FCG para poder facer as comprobacións que estimen oportunas."



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



**4.- "LII" EXPOSICIÓN DA POMBA MENSAXEIRA DA F.C.G. (ORGANIZADA POLO CLUB MURALLA DE LUGO) -RATIFICACIÓN DA DATA DA MESMA PARA OS DÍAS 15 E 16 DE NADAL.**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes que novamente e debido ás datas de celebración da Exposición Nacional houbo que adiantar a data para os días 15 e 16 do próximo mes de Decembro.

Queda aprobada por unanimidade a celebración da Exposición Galega da Pomba Mensaxeira organizada polo club Muralla de Lugo para os días 15 e 16 de Decembro de 2018.

**5.- "LIII" EXPOSICIÓN DA POMBA MENSAXEIRA DE F.C.G. (PROPOSTAS DOS CLUBS)**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes que se recibiu por parte do Club Columbófilo Palomas Mensaxeras de Vigo a proposta para a celebración da próxima Exposición Galega da Pomba Mensaxeira.

Toma a palabra o Sr. Presidente para informar aos membros asistentes do interese da celebración por parte da Federación da próxima Exposición Galega no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. Debido ao complexo en canto á tramitación de autorización de permisos por parte da administración competente para poder realizala Exposicións nestas instalacións, esta decisión retrasaríase dous ou tres meses, polo que en canto teñamos algunha contestación por parte dos responsables das instalacións do Monte Gaiás tomarase a decisión da celebración da Exposición Galega.

**6.- PROGRAMA INFORMÁTICO PARA A CAMPAÑA DEPORTIVA 2019.**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes das xestións que se están levando a cabo con Vicente Prats para volver a contratar o mantemento do programa informático "Coloms".

Infórmase aos membros asistentes de que se tomou esta decisión debido a que quedaron "estancadas" as xestións que se ían a facer con outras dúas empresas do sector, e nas datas nas que nos encontramos non daría tempo a facer algunha xestións para dar comezo a tempada deportiva con un programa novo.

En canto a este tema e para que no futuro non teñamos problemas deste tipo, estudárase a posibilidade de confeccionar un programa propio pola nosa Federación, sen ter que depender doutros provedores.

Aprobábase nesta reunión facer as xestións oportunas para volver a contratar o mantemento de programa "Coloms".



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



**7.- ADQUISICIÓN DUN ORDENADOR NOVO PARA A SECRETARÍA DA FEDERACIÓN.**

Apróbase por unanimidade a adquisición dun ordenador novo para a Secretaría desta Federación.

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Póñense de manifesto os seguintes rogos:

- D. Camilo Pereiro (Pombas do Val Miñor) solicita que non lle vaia a furgoneta a recollelas pombas, xa que non é un transporte axeitado para levar as pombas.

Pon en coñecemento dos membros asistentes que o seu club solicita a incorporación dun trofeo particular para a vindeira tempada deportiva en memoria de D. José Pérez Villar, cuxa normativa leuse nesta reunión. Sendo aprobado este trofeo por unanimidade.

- D. Rogelio Nogueira Portas (Palomas Mensajeras de Vigo) solicita a celebración dun curso de xuíces sociais e autonómicos.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día da data.

Asdo: Carlos Padín Cores  
-Presidente-



Asdo. Manuel Rey San Luis  
-Secretario-